



ACORDO DA COMISIÓN PARITARIA DE INTERINOS

O presente documento informa dos acordos adoptados pola Comisión Paritaria de Interinos, consonte o regulado no artigo 5 (*Participación, información e seguimento*) da Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Acta: 3/2019

Data: 25/11/2019

Temática: aplicación do artigo 21 sobre cesamento do persoal interino

En relación coa preferencia do cesamento cando concorre máis dun funcionario nunha unidade onde non hai relación de postos de traballo, establecéronse os seguintes supostos e a súa resolución:

Primeiro caso: Na unidade hai un interino (I-1) que está na situación de incapacidade temporal (IT), maternidade, paternidade ou lactación, e no seu lugar atópase outro interino (I-2).

- Cando se incorpora I-1, cesa I-2.

Segundo caso: Na unidade hai un interino (I-1) que está na situación de IT, maternidade, paternidade ou lactación, e no seu lugar atópase outro interino (I-2).

- Ata que non se reincorpora de xeito efectivo o I-1, non cesaría o I-2. É dicir, pode finalizar a IT, maternidade, paternidade ou lactación, pero se o I-1 colle deseguido (sen interrupción) vacacións, o I-2 continuaría ata que se incorpore efectivamente o I-1.

Terceiro caso: Na unidade hai un interino (I-1) que está gozando dunha licenza ou doutro suposto dos non previstos nos casos anteriores, e no seu lugar atópase un interino (I-2) que o substitúe.

- Cando se incorpora o I-1, o I-2 non cesa, senón que cesará o interino a quen lle corresponda segundo a orde de cesamento establecida na orde reguladora.

Cuarto caso: Hai tres interinos na unidade. Un deles está en excedencia por coidado de familiares (reserva de praza, igual que un titular, durante dous anos, se a praza continúa sen titular).





- Aínda que lle correspondera cesar conforme os criterios de preferencia da orde reguladora, o interino que está en excedencia non cesaría. Cesaría, iso si, se se incorpora ou reincorpora a persoa titular da praza.

Quinto caso: Incorporase un titular na súa praza, na que hai dous interinos (I-1 e I-2). Na mesma unidade hai máis interinos (I-3 e I-4).

- De se incorporar o titular, aplícase a todos a orde de cesamento establecida na orde reguladora.

